



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA ONCE DE ABRIL DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

**SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS  
D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e vinte e cinco minutos do día once de abril de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28/03/2016).**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

2.1.- Comunicación Previa de Obra de don Ricardo González García. (Expediente 2016/U026/000012).

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000012 de comunicación previa de obra promovido por don Ricardo González García para rehabilitación parcial de edificación, consistente en colocar tella sobre uralita existente, en aproximadamente 61 m<sup>2</sup>, e recebar paredes exteriores en aproximadamente 57 m<sup>2</sup>.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 7165806NH4376N, emprazada en Eiravedra, 3-Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro. - Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.2.- Comunicación previa de obra de dona M<sup>a</sup>. Elena Cabo Carreira.

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000013 de comunicación previa de obra promovida por dona María Elena Cabo Carreira para rehabilitación de vivenda, de



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



aproximadamente 100 m<sup>2</sup> en planta, consistente en acondicionar e cambiar a tella. As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001600200NH43H, emprazada en Sobredo, 19 –San Pedro de Vilanova, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e catro euros con noventa e seis céntimos (#74,96#).

2.3.- Comunicación previa de obra de dona Porcina Pereira Queiroz. (Expediente 2016/U026/000015)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000015 de comunicación previa de obra promovida por dona Porcina Pereira Queiroz para a construción dun peche, de aproximadamente 22 metros de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, polo linde noroeste da parcela, c unha altura que non superará o 1,80 m de alto nin o 1,50 m de alto a base.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000201400NH43D, emprazada en Vista Alegre nº 4 – Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de 1 ano .

A Xunta de Goberno:

Primeiro .- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes, así como respectar o linde.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.4.- Comunicación Previa de don Antonio Barros Araujo. (Expediente 2015/U017/000024)

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000024 de comunicación previa presentada por Don Antonio Barros Araujo para rehabilitación de vivenda, consistente en cambio de fiestras (8 unidades) e porta, situada en Ribeira nº 13 –San Pedro de Sarandon, cun prazo de execución de 15 días.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, non atopando inconveniente ás obras comunicadas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

**3º.- Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de licenzas de actividade.**



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



3.1.- Instancia de núm.1105/24 de don Enrique Otero Cajade. (Expediente 2014/U016/000003)

Dáse conta da comunicación previa presentada por Don Enrique Otero Cajade, para cambio de titularidade de licenza de Café-Bar denominado comercialmente “DERBY” emprazado en Sarandón, 21 – San Miguel de Sarandón, sobre a parcela con referencia catastral 002502400NH43E.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, e o disposto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que, no seu día, determinaron a concesión da licenza.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cento vinte euros con vinte céntimos (#120,20#) xa ingresada nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitinte e ao adquirente.

3.2.-- Instancia núm. 115/16 de dona Naiara Cristina Paini.

Vista a comunicación previa presentada por dona Naiara Cristina Paini, para transmisión da titularidade da licenza de actividade de Café-Bar de 4ª categoría, emprazado en Viño grande, 17 – San Andrés de Illobre, neste termo municipal, denominada comercialmente “A VOSA CASA”.

Considerando, segundo manifesta, que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 14/03/1980, tendo en conta que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.


Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, e o disposto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que, no seu día, determinaron a concesión da licenza.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cen euros (#100,00#) xa ingresada nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitinte e ao adquirente.

**4º.- Acordo, se procede, sobre renovación autorización de furancho.**



4.1.- Instancias número 259/16 de Delia Carreira González e e 260/16 de Víctor Manuel González Carreira.

Dáse conta da comunicación presentada por dona Delia Carreira González para cambio de titular do Furancho de Gónzalez en Ximonde (San Miguel de Sarandón) e da presentada por don Victor Manuel González Carreira para renovar a autorización concedida para pór en funcionamento o establecemento dedicado a furancho no lugar de Ximonde, 8 (San Miguel de Sarandón), neste termo municipal.

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento do novo titular do furancho, don Víctor Manuel González Carreira, con DNI número 78797115N.

Segundo.- Resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, manténdose as condicións do acordo inicial do furancho emprazado no número 8 de lugar de Ximonde (San Miguel de Sarandón).

O novo período de apertura será do 15 de marzo ao 15 de xuño de 2016. Así mesmo darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

**5º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos consistente na prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) na parte que non se poida cubrir co persoal municipal.**

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos consistente na prestación do Servizo de Axuda no Fogar na parte que non se poida cubrir co persoal municipal, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

A Xunta de Goberno acorda aprobar os mesmos.

**6º.- Facturas varias**

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe ( € )	Nome Provedor/Acredor	Descrición
940/20036671 1	19/01/2016	264,43	Rentokil Initial España, SA - Delegacion Galicia	Servizo de unidades hixiénicas na casa consistorial e na gardería municipal período do 01/01/2016 ao 30/06/2016
949/80008150 1	16/03/2016	-88,14	Rentokil Initial España, SA - Delegacion Galicia	Abono parcial da factura 940/200366711 polo importe correspondente á gardería (servizo de unidade hixiénica 1S/2016)
FE163211943 64566	03/02/2016	126,63	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao bombeo de Paradela período 19/12/2015 - 28/01/2016
FE163211952 18730	12/02/2016	611,36	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao bombeo de Sol período 28/11/2015 - 28/01/2016
FE163211952 18729	12/02/2016	1.346,61	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CPI de Vedra período 19/12/2015 - 28/01/2016



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2016/021	09/03/2016	580,32	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín informativo municipal do mes de marzo (núm. 198)
4421002056-4421002057	05/01/2016	71,61	Coca Cola Iberian Partners, S.A.	Botellas de auga subministrados en xaneiro para diversas probas deportivas 2016 (Carreira Nocturna, Ruta BTT, Maratón Montaña)
4422149494	16/02/2016	50,49	Coca Cola Iberian Partners, S.A.	Botellas de auga subministrados en febreiro para as actividades do Entroido Municipal 2016
TA56A0020532	19/03/2016	22,55	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax no departamento de servizos sociais (cota de marzo e tráfico de febreiro)
06302933/S	01/01/2016	440,00	Editorial Compostela, SA	Subscrición anual ao diario <i>El Correo Gallego</i> (período 01/01/2016 a 31/12/2016)
2016/024	17/03/2016	180,29	Xestedec Comunicación	Impresión das invitacións para a velada literaria <i>Haikus de Guillamonde</i> celebrada o 11/03/2016 na biblioteca municipal
840794815	05/03/2016	355,22	Ricoh España, SLU	Cargo mínimo mes marzo por fotocopias realizadas en máquinas de servizos sociais, biblioteca municipal e oficinas xerais
CI0825687575	15/03/2016	166,56	Vodafone España, S.A.U.	Servizos telefónicos prestados no período do 15/02/2016 ao 14/03/2016
P 601342	22/03/2016	250,00	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2015 a marzo/2016 (mes marzo)
16/4	30/03/2016	1.685,14	Freiría Suárez José María	Servizos de limpeza do centro de saúde e das escolas unitarias mes marzo
2016/042	28/03/2016	1.314,06	Xestedec Comunicación	Impresión de carteis, programas, bonos, entradas, plóter e lona para realización de <i>Teatrofilia 2016</i> (XIII edición)
02/16	11/03/2016	72,60	Corral Vázquez Mª Cristina	Chocolate servido na velada literaria <i>Haikus de Guillamonde</i> celebrada na biblioteca municipal o 11/03/2016
P 684	28/03/2016	160,36	Pérez Fernández Manuel - Registro Propiedad I Santiago	Trámites de rexistro da masa común cedida por Agader ao Concello para a ampliación do cemiterio de Ponte Ulla
127978003160108000000	29/03/2016	34,80	Deputación Provincial da Coruña	Taxas provinciais por construción peche parcela (obras de ampliación da estrada DP 8901 da Gaiosa á Ponte de Sarandón)
V 03-2016 280	31/03/2016	4.583,33	Ana Naya García, S.L.	Servizo de xestión da escola infantil municipal mes marzo
WH-213171513606	22/03/2016	36,30	Tecnocratica Centro de Datos, S.L.	Hospedaxe Femp <i>vedra.es</i> período 21/03/2016-20/03/2017
9/2016	31/03/2016	2.469,91	Fermín González Blanco, S.L.U.	Informes e xestións urbanísticas do concello de Vedra realizadas no mes de marzo
10/2016	31/03/2016	2.420,00	Fermin Gonzalez Blanco, S.L.U.	Redacción do proxecto básico e de execución das obras de accesibilidade á igrexa de Ponte Ulla
691	31/01/2016	357,50	Viajes Peillet S.L.	Servizo dun autocar para viaxe da Terceira Idade ás termas de Ourense o 20/01/2016 con achegas dos participantes
696	29/02/2016	330,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de tres autocares para realización da proba deportiva <i>Maratón de Montaña da Camelia 2016</i>
697	15/03/2016	1.045,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de dous autocares para excursión da Terceira Idade á comarca de Ortelgal o 02/03/2016 con achegas dos participantes
1604C0107524	01/04/2016	171,95	Securitas Direct España, S.A.	Cotas polo servizo de alarma na biblioteca municipal período 2T/2016
290/16	29/03/2016	74,71	Gráfica de Asturias S.L.	Material de oficina subministrado en marzo
840826592	20/03/2016	308,94	Ricoh España, SLU	Fotocopias realizadas nas máquinas de servizos sociais, biblioteca e oficinas xerais no período 01/12/2015-29/02/2016
1604C0128148	01/04/2016	237,95	Securitas Direct España, S.A.	Cotas polo servizo de alarma na casa consistorial correspondentes ao 2T/2016



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1604C0177798	01/04/2016	168,76	Securitas Direct España, S.A.	Cotas polo servizo de alarma na casa da Terceira Idade correspondentes ao 2T/2016
Emi- 00003	23/03/2016	9.889,75	Saavedra Cascabel, S.C.	Realización das obras de ampliación da rede de saneamento en Laraño-San Xíán de Sales (RA 412/2015)
GAL00277116F00003	31/03/2016	10.016,50	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Subvención correspondente ao 1T/2016 pola xestión dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración de auga
3	31/03/2016	1.314,87	Suárez Barreiro Pilar	Servizos de atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova mes marzo
072//16	29/02/2016	121,07	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Repostos para a maquinaria da brigada verde e para mantemento dos tractores subministrados no mes de febreiro
4001755516	31/03/2016	717,56	S. E. Correos y Telegrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e publicidade directa mes marzo
16-377	31/03/2016	76,74	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado o 21/03/2016
16-384	31/03/2016	1.212,89	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrado en marzo
16-385	31/03/2016	51,01	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a maquinaria da brigada verde subministrada no mes de marzo
16-386	31/03/2016	6,02	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a formigoneira da brigada de obras subministrada no mes de marzo
Recibo ref. 089461030002	01/04/2016	56,32	DTS, SA (Digital +)	Subscrición a <i>Movistar</i> + para a casa da Terceira Idade mes abril
Recibo ref. 09000D001071	01/04/2016	1.583,85	Reale Seguros Generales, S.A.	Seguro de accidentes colectivos contratado para os empregados municipais do 01/04/2016 ao 01/04/2017 (Póliza núm. 1071600000077)
Recibo ref. 689992488688	30/03/2016	92,61	Reale Seguros Generales, S.A.	Seguro de accidentes para curso Vedra, horta de Compostela, organizado polo departamento municipal de formación-emprego
FE16321196603183	01/03/2016	336,78	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á piscina municipal período 22/12/2015 - 25/02/2016
FE16321197060186	06/03/2016	112,84	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Paradela período 29/01/2016 - 25/02/2016
FE16321197060189	06/03/2016	384,28	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Ponte Ulla período 29/01/2016 - 26/02/2016
FE16321197060188	06/03/2016	254,90	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Sol período 29/01/2016 - 26/02/2016 (CUPS ES0022000004975461QL1P)
FE16321197060185	06/03/2016	140,78	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Fuffin período 29/01/2016 - 26/02/2016
FE16321197060184	06/03/2016	445,23	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Dozar período 29/01/2016 - 26/02/2016
GC00023	31/01/2016	1.200,00	Maeve McLoughlin	Clases extraescolares de inglés no CPI de Vedra durante o mes de xaneiro/2016
GC00025	03/03/2016	1.200,00	Maeve McLoughlin	Clases extraescolares de inglés no CPI de Vedra durante o mes de febreiro/2016
GC00027	31/03/2016	1.200,00	Maeve McLoughlin	Clases extraescolares de inglés no CPI de Vedra durante o mes de marzo/2016
116//16	31/03/2016	791,42	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Repostos e reparacións da maquinaria das brigadas verde e de obras e dos tractores municipais no mes de marzo
4/2016	30/03/2016	1.750,00	Escola de Musica de Santa Cruz	Achega municipal á docencia de clases de música en Santa Cruz de Ribadulla, segundo convenio asinado, mes marzo
1585	31/03/2016	862,31	Hierros Diego, S.L.	Chapas e plasma para utilización nas obras a realizar pola brigada municipal nas vías públicas subministradas en marzo



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1CSN160300 281196	12/03/2016	435,22	Cide Hcenergia, S.A.	Subministro á iluminación pública de Caldelas período do 24/12/2015 ao 25.02.2016
FE163211970 60181	06/03/2016	1.031,20	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao campo de fútbol de San Mamede período 24/12/2015 - 24/02/2016
FE163211970 60187	06/03/2016	366,82	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Sol período 29/01/2016 - 26/02/2016 (CUPS ES0022000007480452RB1P)
2016 25	06/04/2016	6.241,48	Acofide 2000 Xestion, S.L.	Contrato de xestión de actividades e mantemento do polideportivo municipal de Vedra mes marzo
93690637	06/04/2016	453,51	Siemens Renting, S.A.	Cota de aluguer da máquina fotocopiadora e impresora da planta baixa mes abril
1602898	01/04/2016	231,44	Proel Ascensores, S.L.	Servizos de conservación e mantemento do equipo elevador instalado no CPI de Vedra período 2T/2016
1604	31/03/2016	1.000,00	Club Olímpico de Vedra	Convenio de colaboración 2015-2016 (mes marzo 2016)
5 Recibos	07/04/2016	27,30	Acredores diversos	Recibos de <i>Autopistas del Atlántico, S.A</i> por peaxes para transporte ata Vigo da axuda humanitaria aos refuxiados sirios
04550000081 6FAC	01/04/2016	14.539,19	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda no fogar para a dependencia mes marzo (horas ordinarias e festivas)
04550000091 6FAC	01/04/2016	3.706,86	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo (horas de libre concorrencia)
AE163220014 46583	08/01/2016	-93,93	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Fra. de abono rectificadora da fra. núm. FE16321192138845, de data 07/01/2016, por subministro eléctrico ao CEIP de Santa Cruz no período 23/10/2015 - 21/11/2015
FE163211972 86276	09/03/2016	250,86	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao CEIP de Santa Cruz período 22/11/2015 - 08/01/2016
FE163211981 44144	21/03/2016	1.120,40	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao CEIP de Santa Cruz período 09/01/2016 - 24/02/2016
2016210	01/04/2016	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento da iluminación pública municipal durante o mes de marzo
9	07/04/2016	18.150,00	Roibas Vázquez José M.	Servizo anual de consultora e asistencia xudicial prestado do 01/04/2015 ao 31/03/2016 (RA 135/2015)
10	07/04/2016	6.050,00	Roibas Vázquez José M.	Servizo anual de consultora e asesoramento para o desenvolvemento do Parque Empresarial prestado do 01/04/2015 ao 31/03/2016 (RA 135/2015)
604/6	06/04/2016	174,24	Alquimao S.L.	Aluguer de catro chapas de protección de estradas durante 6 días para uso da brigada de obras en Caxaraville-San Miguel
FP11604199	31/03/2016	266,66	Paz Dismac, S.L.	Material de oficina subministrado en marzo
Ticket 00018179	29/03/2016	7,96	Hipercor S.A.	Produtos para a ludoteca municipal adquiridos en marzo
9 Tickets	29/03/2016	88,57	Acredores diversos	Alimentos e outros produtos mercados en marzo para o servizo municipal de madrugadores
V 01-1-2016 287	31/01/2016	4.351,32	Ana Naya García, S.L.	Cota do Concello correspondente ao servizo de xestión da escola infantil 0-3 (gardería) municipal mes xaneiro/2016
V 02-1-2016 288	29/02/2016	4.727,21	Ana Naya García, S.L.	Cota do Concello correspondente ao servizo de xestión da escola infantil 0-3 municipal (gardería) mes febreiro/2016
V 03-1-2016 289	31/03/2016	4.848,64	Ana Naya García, S.L.	Cota do Concello correspondente ao servizo de xestión da escola infantil 0-3 (gardería) municipal mes marzo/2016
A49	31/03/2016	2.161,21	García Sarandon, S.L.U.	Materiais de diversos tipos, vestiario, alimentos e outros produtos subministrados ao Concello durante o 1T/2016



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



16/LAB/1467	31/03/2016	792,43	Labralia, S.L.-Agrotendas	Pellet bioforestal para a calefacción da casa consistorial subministrado en marzo
06/C15-16	29/03/2016	280,00	Sánchez Lojo Delio	Achega municipal ás clases de pintura mes marzo
Liquidación		146,30	Méndez-Losada Abalo Carlos J.	Quilometraxe e autoestrada por asistencia o día 31/03/2016 a xornada, organizada pola Deputación da Coruña no pazo de Mariñán, sobre directivas da UE relativas á contratación pública
Liquidación		39,00	Sabio Sanz Carmen A.	Quilometraxe do mes de marzo polo desenvolvemento do programa de Educación Familiar
Liquidación		15,75	Rendo Rial Pastora	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo
Liquidación		187,25	Orosa Canicoba Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo
Liquidación		227,75	Iglesias Parada Carmen	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo
Liquidación		158,75	Vilariño Rodríguez M <sup>a</sup> Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

### 7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía do mes de marzo.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de marzo:

Nº Decreto	Data	Asunto
53	01/03/2016	Incorporación de don E. M.o ao SAF -Dependencia e baixa en libre concorrencia
54	02/03/2016	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes da menor E. E.
55	02/03/2016	Adxudicación obra de reforma recollida de pluviais na Casa da Terceira Idade de Vedra
56	03/03/2016	Designando técnico mesa contratación obra de rehabilitación fachada do Pavillón Polideportivo de Vedra
57	03/03/2016	Ordenando inicio trámites para a elección de Xuíz de Paz Titular de Vedra
58	03/03/2016	Alta padrón municipal de habitantes de familia H. R.
59	04/03/2016	Arquivo expediente limpeza de finca en Sales (San Fins) propiedade de don F. J. R. F.
60	04/03/2016	Arquivo expediente limpeza de finca en Cumbraos -Vilanova, propiedade de don A. F. F. (Herdeiros)
61	04/03/2016	Arquivo expediente limpeza de fincas en Reboredo -Ponte Ulla
62	04/03/2016	Altas (19) no padrón fiscal da taxa de recollida de lixo exercicio 2016
63	04/03/2016	Expediente limpeza de fincas núms. 117 e 2089 do polígono 504 do catastro, situadas en Galegos -Vilanova (Herdeiros de dona E. F. F.)
64	04/03/2016	Expediente limpeza de finca en Caldelas -Ponte Ulla, propiedade dos herdeiros de don F. R. P.
65	04/03/2013	Reiterando a don M. R. L. a limpeza de finca en Tomonde -Santa Cruz de Ribadulla
66	07/03/2013	Deixando sen efecto os convenios asinados coa fundación Amigos de Galicia e Cruz Vermella para o reparto de alimentos
67	07/03/2016	Alta padrón municipal de habitantes de dona L. V. M.
68	07/03/2016	Acordando altas (25) no padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros exercicio 2016
69	09/03/2016	Recoñecemento trienios persoal municipal
70	09/03/2016	Alta no SAF- Libre concorrencia de dona C. C. M.
71	09/03/2016	Alta padrón municipal de habitantes de dona A. V. G.





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



72	09/03/2016	Alta padrón municipal de habitantes de dona B. C. N.
73	10/03/2016	Autorización a don M. A. M. C. para posesión can raza perigosa
74	10/03/2016	Cambio titularidade recibo taxa lixo correspondente á vivenda nº 45 de Viño grande -Illobre, a proposta da Deputación Provincial
75	10/03/2016	Cambio titularidade recibo taxa lixo correspondente á vivenda nº 24 de Vilar -Vilanova, a proposta da Deputación
76	11/03/2016	Autorización ao Club Olímpico para corte de vías municipais para a celebración do 10º Duetlón escolar en San Fins
77	11/03/2016	Alta padrón municipal de habitantes de dona M. T. P. V.
78	16/03/2016	Clasificación ofertas obra de rehabilitación da fachada do Pavillón Polideportivo Municipal de Vedra
79	17/03/2016	Autorización corte de vías en Sobredo -Vilanova
80	17/03/2016	Adxudicando contrato servizo limpeza Casa do Concello á empresa Fromico, S.L
81	18/03/2016	Alta padrón municipal de habitantes de dona S. B. e familia
82	18/03/2016	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de don J. M. G.
83	18/03/2016	Adxudicando a Clece, S.A funcións de seguimento e supervisión nos domicilios do SAF e elaboración de informes bimensuais
84	21/03/2016	Delegando funcións Alcaldía o día 23/03/2016 na 1ª Tenente de Alcalde
85	21/03/2016	Alta padrón municipal de habitantes de don J. M. S. G.
86	21/03/2016	Autorización posesión can de raza perigosa a don J. L. A. A.
87	22/03/2016	Alta padrón municipal de habitantes de don L. G. e filla
88	23/03/2016	Acordando solicitar subvención para investimentos en infraestruturas turísticas (accessibilidade e sinalización)
89	23/03/2016	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de dona L. S. M.
90	28/03/2016	Orde de execución para que don R. P. retire pivotes en Castro -Ponte Ulla
91	28/03/2016	Adxudicando obra de rehabilitación de fachada do Pavillón Polideportivo Municipal de Vedra a Sport Equipalia, S.L
92	29/03/2016	Adxudicando obras na pista polideportiva de Tomonde a Construcciones Luís y Alfonso S.C., como contrato menor
93	29/03/2016	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de dona Mª. N. M. e filla
94	29/03/2016	Alta padrón municipal de habitantes de don M. C. I.
95	29/03/2016	Alta padrón municipal de habitantes de dona N. P. P.
96	29/03/2016	Adxudicando obras na pista polideportiva de Santa Cruz a Construcciones Luís y Alfonso, S.C (contrato menor)
97	30/03/2016	Ampliación intensidade SAF a dona C. G. D.
98	30/03/2016	Concesión permiso paternidade a don R. L. M. segundo convenio colectivo do persoal laboral do concello
99	30/03/2016	Ordenando a contratación de don R. N. para cubrir permiso paternidade de don R. L. M.
100	31/03/2016	Alta padrón municipal de habitantes de don F. J. C. N.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

### 8º.- Outros asuntos

8.1.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais.

Dáse conta da Orde do 11 de marzo de 2016, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG núm. 59/16, do 29 de marzo).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda segundo memoria redactada para o efecto e financiar o importe do orzamento do investimento que non resulte subvencionado ao abeiro da dita convocatoria.

8.2.- Acheга municipal ao convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a achega municipal ao convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago, para o ano 2016, que ascende á cantidade de 938,25 euros, a mesma que para os anos 2014 e 2015.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.